

COMPARECENCIA DO ALCALDE EN RELACIÓN AOS REPAROS

PLENO 5 SETEMBRO 2013. ACTA 15/2013

O concelleiro BLANCO PEREZ sinala que "tendo en conta o récord de reparos de intervención, que nós saibamos, e que constan sobre a execución dos orzamentos de 2012, solicitamos a comparecencia do Sr. alcalde para que nos explique a que se debe ese número, que consideramos excesivo, de reparos levantados".

O alcalde sinala que nos últimos anos houbo en Redondela tres interventores e que moitos dos reparos obedecen ao criterio de fiscalización do Interventor. E que para uns son necesarios certos reparos e para outros non. Indica que a súa gravidade depende da xustificación a fin de que o ben común non se vexa afectado. Di que no día a día teñen que facelo de acordo tamén co servizo de intervención e que desexan que o número de reparos vaia a menos e así será se as bases de cultura e deportes saen adiante. Sinala que se están a dar pasos cos sindicatos para regula-lo tema da produtividade e así evitar un reparo cada mes en relación a esta cuestión.

O concelleiro BLANCO PEREZ refírese a reparos relativos a horas extras do persoal ou retribucións e outros que non son cuestións subxectivas do interventor.

O alcalde sinala que prefire non asinar os reparos xa que é o primeiro interesado en que as cousas estean ben feitas e así durmir tranquilo. Di que hai decisións que hai que tomar dun día para outro e que tamén houbo unha interventora que en dous anos non fixo ningún reparo o cal amosa que, efectivamente, os reparos dependen do criterio de cada interventor.